

**ACTA N.º 01 / 2024**

**SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE TURISMO**

<b>DATA</b>	Venres, 23 de febreiro de 2024
<b>HORA</b>	09:30 horas
<b>LUGAR</b>	Salón de Plenos do Pazo Provincial de San Marcos (Lugo)
<b>ASISTENTES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• VICEPRESIDENTE: PABLO RIVERA CAPÓN</li> <li>• SECRETARIA: LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ</li> <li>• GRUPO PROVINCIAL PSDG: MARIA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO (TITULAR)</li> <li>• GRUPO PROVINCIAL PARTIDO POPULAR: ANTONIO AMEIJIDE OSORIO (TITULAR)</li> <li>• GRUPO PROVINCIAL PARTIDO POPULAR: CARMEN JOSÉ LÓPEZ RODRÍGUEZ (TITULAR)</li> <li>• GRUPO PROVINCIAL BNG: IRIA CASTRO FERNÁNDEZ (TITULAR)</li> <li>• MANCOMUNIDADE DE A MARIÑA LUCENSE: ROCIO LÓPEZ GARCIA (TITULAR)</li> <li>• USC VICERREITORADO CAMPUS DE LUGO: ANTONIO ÁLVAREZ RODRÍGUEZ (SUPLENTE)</li> <li>• AMIGOS DO CAMIÑO NA PROVINCIA DE LUGO: ÁNGEL TRABADA GÓMEZ (TITULAR)</li> <li>• ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA DE LUGO - APEHL: JOSÉ FRANCISCO REAL CASTRO (TITULAR)</li> <li>• AGAVI: MARIA ANTONIA LÓPEZ FRAGA (SUPLENTE)</li> <li>• ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE GUÍAS DE TURISMO DE GALICIA - APIT GALICIA: : BEATRIZ PÉREZ PEREIRA (SUPLENTE)</li> <li>• AUXILIA: MARÍA NURIA NEIRA VILA (SUPLENTE)</li> <li>• XEFA DA ÁREA DE TURISMO: MERCEDES LAMELA LÓPEZ</li> <li>• RESERVA DA BIOSFERA DOS ANCARES LUCENSES E MONTES DE</li> </ul>

<b>Código Seguro De Verificación</b>	6US119MoLpusZceTiIOPSQ==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Pablo Rivera Capón	Asinado	15/03/2024 17:41:11
<b>Observacións</b>	Leticia Rodríguez Díaz	Asinado	15/03/2024 14:22:17
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/6US119MoLpusZceTiIOPSQ%3D%3D">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/6US119MoLpusZceTiIOPSQ%3D%3D</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



	<p>CERVANTES, NAVIA E BECERREÁ: ANDREA MACHO BENITO (TITULAR)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>RESERVA DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO: MARÍA PURIFICACIÓN MARTUL VÁZQUEZ (SUPLENTE)</li> </ul>
--	--

## ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do Consello de Turismo celebrada con data 12 de decembro de 2023.
- 2.- Avance do Servizo de Turismo para o ano 2024.
- 3.- Rogos e preguntas.

## DESENVOLVEMENTO

No Salón de Plenos do Pazo Provincial de San Marcos, ás 09:34 horas e por delegación da Presidencia, toma a palabra o Deputado Pablo Rivera Capón dando a benvida aos asistentes, agradecendo a súa presenza, e convidando á secretaría a pasar lista.

Comprobada a asistencia, o Deputado desculpa a ausencia da Vicepresidenta do Consello de Turismo, Pilar García Porto para, a continuación, dar paso aos correspondentes asuntos incluídos na orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do Consello de Turismo celebrada con data 12 de decembro de 2023.

Votos a favor: (14): Aprobada por unanimidade.

- 2.- Avance do Servizo de Turismo para o ano 2024.


(José Francisco Real Castro incorpórase ao Consello de Turismo ás 09:45 horas)

Toma a palabra Pablo Rivera Capón sinalando que como vén sendo habitual, a formulación dos cometidos do Servizo de Turismo para este ano 2024 dividirase en catro áreas clave de actuación: promoción turística, cooperación cos concellos dentro do Plan Deputación, o fomento do turismo e as rutas fluviais.

O Deputado avanza neste sentido que, no marco das competencias do Consello de Turismo, exporase un avance de carácter informativo das actuacións que se van a realizar este ano dende a Área de Turismo.

Pablo Rivera Capón indica que dentro da promoción turística destaca o programa *Coñece a túa provincia*, en cuxa organización estase a avanzar no correspondente á contratación administrativa coa celebración dunha mesa de contratación na mesma xornada na que se está a celebrar o Consello.

Continúa lembrando que este programa ten a súa orixe na época post-pandemia e que fixaba como obxectivo prioritario activar o turismo na provincia durante a situación complexa que

<b>Código Seguro De Verificación</b>	6US119MoLpusZceTiIOPsQ==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>	
<b>Asinado Por</b>	Pablo Rivera Capón	Asinado	15/03/2024 17:41:11	
	Leticia Rodríguez Díaz	Asinado	15/03/2024 14:22:17	
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	2/5	
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/6US119MoLpusZceTiIOPsQ%3D%3D">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/6US119MoLpusZceTiIOPsQ%3D%3D</a>			
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

afectou ao sector. A consecuencia disto, desenvolveuse esta actuación articulada nesta nova edición en torno a 44 itinerarios diferentes por toda a provincia, que perseguen como obxectivos fundamentais a posta en valor da inmensidade de recursos turísticos, gastronómicos, culturais, paisaxísticos e artísticos que ten o noso territorio. Deste xeito, contribúese ao fortalecemento da hostalaría, á recuperación da confianza turística posterior á Covid e, no marco da sensibilización dos nosos veciños e veciñas, a darlles a coñecer toda a riqueza que ten a provincia, ademais de facer un pouco de patria para que o territorio deixe de ser un gran descoñecido para os seus habitantes.

Reitera que neste momento estase a realizar a contratación administrativa co obxectivo de pór en marcha este programa do que no ano pasado desfrutaron un total de 141 entidades e asociacións de toda a provincia, dando a oportunidade de viaxar a máis de 3.000 lucenses.

Continúa sinalando que estas actividades tamén implican a todo o sector turístico, xa que as visitas son realizadas por profesionais como os guías oficiais de turismo de Galicia e con persoal de atención ao público nas diferentes visitas que se realizan.

O Deputado indica que ao longo do 2024 organizaranse tamén rutas polo románico da provincia de Lugo. O ano pasado desenvolveuse esta experiencia nun total de dezanove concellos e neste mes de maio retomarase esta actividade.


O Deputado avanza que dende a Área de Turismo realizaranse tamén outras actuacións e programas novos conforme ao marco de participación e transparencia que ten o servizo, en cuxo seo xorden ideas novas que están barallando pór en práctica a través dalgún programa pioneiro.

Engade o Deputado que, no referente á presenza da Deputación en feiras e congresos, vaise manter a dinámica destes anos, especialmente porque resulta de interese estar en eventos de renome, tanto nacional coma internacional, que dan publicidade á nosa provincia. Estarase en Feiras como Fitur, Biocultura, Xantar, Produart e outras en función das necesidades ou da capacidade económica da Deputación. Sinala que hai eventos aos que a Deputación é asidua, pero que se celebran cada dous anos e que, de xeito evidente, este ano non se realizan pero, nestes casos, a intención é complementalos e poder asistir a outro tipo de feiras e eventos.

O Deputado menciona que tamén se levan a cabo outras accións promocionais de eventos que, dunha ou doutra maneira, contribúen a dar publicidade aos produtos da provincia e a proxectar visibilidade.

No que se refire á actividade asociativa da Deputación, o Deputado fai fincapé na presenza na Asamblea Xeral da Transrománica, onde a Deputación participa de xeito habitual e que xestiona a rede homónima, que ten condición de Itinerario Cultural Europeo recoñecido polo Consello de Europa, en cuxo seo trabállase polo fomento da promoción internacional, nacional e rexional a través da valoración cultural do románico como o primeiro estilo artístico común europeo.

Pablo Rivera Capón engade que ademais, no eido asociativo, a Deputación de Lugo é membro activo do grupo de traballo de Deputacións da Rede de Destinos Turísticos Intelixentes (DTI) e traballa para a consolidación do territorio como un DTI (onde teñen importancia as novas tecnoloxía e a intelixencia artificial) e, sobre todo, no marco de captación de Fondos Europeos.

<b>Código Seguro De Verificación</b>	6US119MoLpusZceTiIOpSQ==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>	
<b>Asinado Por</b>	Pablo Rivera Capón	Asinado	15/03/2024 17:41:11	
	Leticia Rodríguez Díaz	Asinado	15/03/2024 14:22:17	
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	3/5	
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/6US119MoLpusZceTiIOpSQ%3D%3D">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/6US119MoLpusZceTiIOpSQ%3D%3D</a>			
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

Recalca que estas últimas son algunhas das liñas que se están a traballar intensamente, ao tratarse dun elemento tractor que pode contribuír a buscar socios en programas de axudas europeas nun futuro.

En canto a publicacións, o Deputado avanza que está previsto que no o ano 2024 teña lugar a presentación do último tomo de Lugo Románico, dedicado á comarca de Lugo, á Terra Chá e á Mariña Lucense.

No relativo á promoción a través de patrocinios, o Deputado sinala que está demostrado que este tipo de actuacións no eido turístico son un elemento que promociona as diferentes entidades que apostan polos mesmos. Dende o Servizo de Turismo apoiouse este tipo de contratos, os cales teñen un importante retorno para a provincia e que están avalados por estudos de mercado. Entre os patrocinios previstos para este ano, atópase a participación no campionato nacional de Tapas de Pinchos de España por parte de APEHL ou o do Festival Trece Roeis. Destaca tamén o patrocinio de La Vuelta, que volverá a pasar pola provincia de Lugo despois duns anos, transcorrendo unha das súas etapas entre a cidade de Lugo e os Ancares. Por este motivo, a Deputación de Lugo participará cun importe de 40.000€ ante este escaparate para a promoción da provincia.

No relativo ás accións de cooperación cos concellos, o Plan Deputación facilita a todos os concellos desta provincia a posibilidade de desenvolver, no marco do orzamento que corresponda, actividades de corte turístico para as cales no ano 2023 destináronse un total de 130.000€. Engade que serán os propios municipios os que decidan, respectando a súa autonomía, as actuacións a realizar no marco das actividades turísticas. Ademais, indica que o ano pasado solicitáronse máis de 50 actividades por parte dos concellos, o que supuxo unha oportunidade para que esta provincia continúe promocionándose dende os municipios.

No referente ao fomento do turismo, o Deputado indica que tal e como se publicou nos orzamentos, existe unha liña de axudas e subvencións destinadas ás principais entidades de corte asociativo desta provincia. Tamén estanse a estudar distintas subvencións de carácter excepcional para o ano 2024 e distintos convenios interadministrativos para a promoción das actividades que poidan xurdir.

No referente aos Premios de Turismo, calcúlase que no mes de maio publíquense as bases dos galardóns e, dende o Consello de Turismo, anima á participación por parte das entidades sociais e concellos ao tratarse dunha boa oportunidade para darse a coñecer.

No relativo ás rutas fluviais, sinala que se porán en marcha a partir do 23 de marzo, estando aberta a venda de billetes dende o 5 de febreiro. O Deputado fai fincapé no éxito do produto turístico, que continúa a ser un referente de xestión, con máis de 60.000 reservas no 2023 e prevendo que este ano sexa un éxito como os anteriores.

### 3- Rogos e preguntas.

Toma a palabra Antonio Ameijide Osorio do grupo provincial do Partido Popular, solicitando poder ter o informe que se acaba de presentar con tempo de antelación para poder analízalo e estudalo, solicitude que sinala que foi realizada previamente por correo electrónico e tardouse unha semana en responder. Continúa dando os parabéns e manifestando o apoio ás accións indicadas.

<b>Código Seguro De Verificación</b>	6US119MoLpusZceTiIOPSQ==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Pablo Rivera Capón	Asinado	15/03/2024 17:41:11
	Leticia Rodríguez Díaz	Asinado	15/03/2024 14:22:17
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	4/5
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/6US119MoLpusZceTiIOPSQ%3D%3D">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/6US119MoLpusZceTiIOPSQ%3D%3D</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Ao non realizarse máis preguntas por parte dos asistentes, toma a palabra Pablo Rivera Capón mencionando un rogo que se lle fixo previamente de xeito verbal para que as sesións dos Consellos de Turismo se pasen a celebrar pola tarde.

En relación coa documentación, sinala que como se contestou no correo de solicitude, trátase dun avance de carácter informativo e non dunha documentación oficial onde se marcan as liñas mestras. Despois darase acceso en tempo e forma aos expedientes no momento de materializarse cada unha das actuacións correspondentes, cando se solicite. Así, por exemplo, para o *Coñece a túa provincia*, existe un procedemento administrativo, para a asistencia a feiras tamén hai un procedemento de contratación e as restantes actuacións disporán tamén do seu correspondente expediente administrativo.

Non habendo máis preguntas, levántase a sesión ordinaria do Consello de Turismo, sendo as 09:57 horas.

Lugo, na data da sinatura dixital.

A Secretaria,

Vº. e pr. O Vicepresidente do Consello de  
Turismo

Leticia Rodríguez Díaz

Pablo Rivera Capón

<b>Código Seguro De Verificación</b>	6US119MoLpusZceTiIOPSQ==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Pablo Rivera Capón	Asinado	15/03/2024 17:41:11
	Leticia Rodríguez Díaz	Asinado	15/03/2024 14:22:17
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	5/5
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/6US119MoLpusZceTiIOPSQ%3D%3D">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/6US119MoLpusZceTiIOPSQ%3D%3D</a>		
<b>Normativa</b>	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

